

## OS VELLÓS GALEGUISTAS NUNCA MORREN

Xan Carballa  
Escritor e xornalista

**Resumo:** O autor percorre a biografía de Valentín Paz-Andrade como un exemplo do compromiso político dunha xeneración de demócratas e nacionalistas galegos que, a pesar das dificultades, souberon orientar a súa actividade intelectual e pública para transmitir un legado asediado pola ditadura.

**Abstract:** The author traces the biography of Valentin Paz-Andrade as an example of political commitment of a generation of Democrats and Galician nationalists which, despite the difficulties have been able to guide his intellectual activity and public to pass on a legacy harassed by the dictatorship.

**Palabras chave:** Nacionalismo, autonomía, compromiso político.

**Key words:** Nationalism, autonomy, political commitment.

Diante de varias decenas de miles de persoas, o 4 de decembro de 1977, Valentín Paz-Andrade intervíña en Vigo na máis grande manifestación producida no país despois da morte do ditador. Fiel á súa traxectoria democrática e nacionalista, Valentín lembraba e orientaba:

Irmáns galegos, mulleres e homes da miña terra, estamos nesta tarde de outono chovediza fronte a Europa. Dende hoxe en diante terán que cambiar o concepto que teñen por aí fóra, porque temos un pobo capaz de pór o pé na rúa para defender a súa bandeira e berrar forte polos seus dereitos. (...) Estamos cumprindo o testamento dos grandes loitadores, de Rosalía de Castro, de Castelao, de Villar Ponte, de Alexandre Bóveda, mártir, de Cabanillas, de Otero Pedrayo (...).

Valentín tiña nesa altura setenta e nove anos cumpridos. Na idade de retirada de tantos, el viña de protagonizar varios episodios políticos de transcendencia. Formara parte, en representación de Galicia, da Comisión dos Dez que negociou con Adolfo Suárez algúns dos termos nos que se había de producir a transición

política. Foi electo senador nos primeiros comicios democráticos do 15 de xuño dese mesmo ano e lonxe de levantar o pé do acelerador aínda había producir na década final da súa vida algúns dos seus mellores froitos, como a biografía de Castelao, que se sumaba a unha poderosa obra na que tocou o ensaio, a poesía e unha amazónica tarefa xornalística.

En Valentín Paz-Andrade e no seu percorrido vital, concéntranse moitos dos elementos da historia contemporánea de Galicia vividos en primeira persoa. Fagamos un rápido plano-secuencia desa traxectoria política.

Paz-Andrade tiña na familia o coñecemento achegado ás novas ideas sobre Galicia que se abrían paso a primeiros de século. Pola relación cos seus tíos, entre eles o poeta Xoán Bautista Andrade, enlaza moi novo coas ideas nas que levedaba o galeguismo e entra en contacto con Castelao cando este reside en Pontevedra. Foi moi activo na universidade e tamén se vencellou a múltiples actividades sociais (por exemplo participando na directiva do Pontevedra Athletic Club, matriz xunto co Sporting, do futuro Pontevedra C.F. En 1918 actúa como secretario sendo vicepresidente Xerardo Álvarez Limeses, futuro sogro de Alexandre Bóveda. Ou no Ateneo Escolar Compostelano e na creación da tuna *Nova Galicia* en xaneiro de 1918).

Na II Asemblea Nacionalista de 1919, celebrada en Santiago, a súa intervención queda rexistrada tamén na proposta de reformas para galeguizar con novas materias a Universidade, e un Valentín futuro director do *Galicia* suxire crear unha escola de xornalistas galegos.

Todos eses movementos que orbitan arredor do galeguismo das Irmandades da Fala e no seu caso tamén no que supuña o agrarismo, o grande movemento social que estremeceu Galicia nese tempo, maduran despois da súa experiencia como xornalista de referencia e avogado, e ten un momento brillante no fundacional discurso do Teatro García Barbón, cando a República se albisca no horizonte.

Valentín preside o Grupo Autonomista Galego que organiza un grande mitin para celebrar o 25 de xullo de 1930, no histórico teatro vigués. Baixo a presidencia de Ramón Cabanillas, interveñen Otero Pedrayo, Castelao e Paz-Andrade. Coa sala ateigada, como reflecten as fotografías, as intervencións chegan a hoxe recollidas integramente na revista *Nós*, que dirixía Vicente Risco.

O discurso de Paz-Andrade é o que ten máis forza política dos tres pronunciados e esboza as ideas que haberían de tomar corpo máis adiante na confluencia de todos os grupos no Partido Galeguista. Dicia Valentín: “nós vimos a construír unha nova Galiza, que sexa como o espello da súa propia esencia étnica. Queremos unha Galiza autónoma, señora de si mesma, que sexa oficialmente o que ela é naturalmente. Levando os principios democráticos á súa máis radical manifestación, arelamos que o pobo galego entenda directamente nos seus

problemas, sen intromisión de quen é alleo a eles, os resolve sen coñecelos, sen sentilos, sen vivilos, como puidera resolver os problemas do Congo (...) Endexamais volva a ser Galiza territorio colonizado polas taifas electorais das vellas oligocracias. Fagamos do berro *Terra e Liberdade* o noso lema redentor. [Nós, 80, VIII/1930].

A historia posterior é ben coñecida. Nas primeiras constituíntes despois do 14 de abril a Paz-Andrade bírlanlle a acta de deputado e non pode acompañar nas Cortes a Castelao, Antón Villar Ponte, Suárez-Picallo e Otero Pedrayo. O 5 e 6 de decembro de 1931, en Pontevedra, celébrase a asemblea que unificaría a todos os colectivos galeguistas e tamén o Grupo Autonomista Galego. O logro do Estatuto da Autonomía convértese no grande obxectivo político do nacionalismo galego e Paz-Andrade asina con Lois Tobío, Ricardo Carvalho Calero, Vicente Risco e Alexandre Bóveda o primeiro anteproxecto de Estatuto, que arrincaba no seu primeiro artigo cos máximos das arelas galeguistas: “A Galiza é un Estado libre dentro da República Federal Española”.

Volve ser candidato en 1933 e 1936, pero non sae elixido. Castelao amósalle unha confianza total durante o desterro en Badaxoz, pensando que Valentín debía coller o leme da Secretaría Política do PG. E despois de encabezar desde as páxinas de *El Pueblo Gallego* o labor de difusión e propaganda do Estatuto de Autonomía irrompe a fouce de Marte, e tronza toda a esperanza galeguista e republicana.

Quebrados violentamente polo golpe de estado de 1936, asasinados algúns dos seus cadros fundamentais, como Alexandre Bóveda, exiliados outros moitos, co propio Castelao como figura central que chega en 1947 a ministro do goberno republicano no exilio, a desaparición do rianxeiro en xaneiro de 1950 deixa paso a unha crise que paseniño e inevitablemente se fora abrindo paso no nacionalismo galego. A medio camiño entre a discrepancia ideolóxica e a diverxencia táctica, na práctica o galeguismo rompe coa súa historia directamente partidaria e os cadros no interior de Galiza toman a decisión política de centrar todo o seu esforzo clandestino e público no labor de recuperación cultural, que foi exercido brillantemente e con notorio éxito coa fundación da Editorial Galaxia de buque insignia.

Daquela en 1950 é cando se decide o futuro imperfecto do Partido Galeguista apenas cumprido un convulso ciclo de dúas décadas. Neses días tristes de xaneiro, cando nas praias de Rianxo as estrelas caían como bágoas, é Valentín quen escribe o único artigo que se publica en Galicia na lembranza de Castelao. Nas páxinas do xornal vespertino compostelán *La Noche*, os sábados saían unhas páxinas culturais coordinadas por Francisco Fernández del Riego e Xaime Illa que pediron a colaboración a Paz-Andrade para tentar canear a censura e lembrar o amigo morto no exilio. En castelán e baixo o título “Castelao, el hombre y el artista”, aquel artigo foi para o seu autor “o primeiro de fondo ideolóxico que en

Galiza se publicaba desde o 1936”, e supón un retrato da época que a dirección de *La Noche* lle axuntase un pequeno recadro titulado “Ancha es España”, no que manifestaba a adhesión do periódico a Franco e rebaixaba o significado do líder morto referíndose a el como un dos, “hombres de espíritu franciscano, que llevados por su amor apasionado hacia los humildes, confundieron a Dama Pobreza con la Pasionaria. Hombres que por querer amar a su patria –a su región natal– con un estilo romántico y arrebatado, pudieron dar a entender que odiaban a su Patria”.

A revisión desta época e as decisións tomadas baixo a ditadura e co Atlántico polo medio, entre a Galiza de dentro e a de fóra nucleada masivamente na Arxentina, ten sido realizada en numerosas ocasións polos historiadores. Hoxe contamos cunha cartografía bastante clara desas discrepancias, que en vida os seus protagonistas foron moi remisos a airear, deixando establecido que a amizade e os horrores vividos soldaban cara a fóra as súas diferenzas de criterio. Durante anos fomos albiscando indicios en documentos políticos, en cartas, pero en contadas ocasións se manifestaba abertamente ese xeito dispar de encarar a táctica do nacionalismo.

Retrospectivamente podemos rescatar a análise de Paz-Andrade sobre o estado da cuestión galeguista que nos fixo nunha entrevista realizada cos xornalistas Gustavo Luca de Tena e quen subscribe en setembro de 1986 e publicada postumamente en *A Nosa Terra* [317, 22/V/1987] e poñelo en contraste coas declaracións que Suso de Toro recolleu de Ramón Piñeiro [*Unha conversa con Ramón Piñeiro*. Vigo: Edicións Xerais, 2009] porque entre ambas as dúas podemos contemplar a tensión existente.

Sostiña Valentín,

constituíron Galaxia prescindindo de min por completo e nun momento no que estaba fóra, en Buenos Aires, convidado a dar unhas conferencias no Centro Galego. Vin que iso era unha especie de fisura, de cisma que se tramaba e non lle atopaba, nin lle atopei nunca, explicación. Pero iso practicárono deliberadamente. (...) Para min que temeron que, despois de morto Castelao, íame levantar coa xefatura puramente teórica, cousa que é absurda porque nin había lugar nin esa foi a miña intención. (...) Fixérono por falta de visión, non por maldade. Non sei se por antipatía persoal comigo, aínda que iso sexa aparencia, porque seguiron sendo amigos meus e nunca me demostraron o contrario. (...) Son debilidades humanas. O peor é que todo isto trouxo a destrución do Partido Galeguista, que tivo un papel histórico e que tería evitado moitas cousas. Esa cegueira deles foi tremenda. No sei a quen botarlle a culpa dese fenómeno, porque desde logo non foi iniciativa nin de Paco del Riego, aínda que a seguiu cega e irreflexivamente, nin do Xaime Isla, nin penso que, inicialmente, de

Piñeiro. Máis ben penso que de Sabell, que foi unha falta de instinto político de Sabell. Desde logo a Sabell foron eles quen o meteron no galeguismo e o levaron á Academia Galega. A Sabell servírono cegamente.

Pola súa banda Suso de Toro suxeríalle a Piñeiro, nunha entrevista realizada poucos meses antes da morte do político de Láncara, que se poderían distinguir dúas fontes no galeguismo que farían crise á morte de Castelao. Unha liña ou estilo, recoñecíbel en persoas como Castelao, Bóveda e Paz-Andrade, que sería un galeguismo en relación coa sociedade, mesmo coa industria, unha actitude práctica e outra máis “literaria” que viría da man de Otero e Risco. Piñeiro entendía que morto Castelao, desde América, onde se podía editar con liberdade, non admitían a mudanza que eles propoñían,

a primeiros dos 50 pensamos en actualizar o pensamento do galeguismo, xa mirando a Europa. No federalismo como fórmula, non no nacionalismo endogámico. Pero en América, sobre todo Rodolfo Prada, tiña unha sacralización absoluta de Castelao. Por exemplo, para nós era conveniente facer unha sinopse biográfica e unha antoloxía de textos dos distintos galeguistas. Empezar en Faraldo, Brañas, Vilar Ponte, Castelao... para que circulase por aquí e os rapaces tivesen unha imaxe de toda a historia do galeguismo. Pero en América negáronse. Querían que se utilizase só o *Sempre en Galiza*. En vista diso, nós pregámonos e usamos *Sempre en Galiza*.

Morto Castelao, a continuidade do órgano político por el creado en América, o Consello de Galicia, perdía practicamente toda a súa virtualidade e comezaba un período de case 25 anos até a morte de Franco e o convulso paso da ditadura á democracia. Son anos nos que o intercambio con América ten un gran valor, e nos que Valentín é unha presenza continua, ben sexa nas xeiras ao Centro Galego de Buenos Aires, como a partir de ser escollido pola FAO para impartir os seus cursos de capacitación pesqueira en diferentes países latinoamericanos.

Esa conexión ten moita relevancia porque se fai mediante Bibiano Fernández Osorio-Tafall, que fora alcalde de Pontevedra e presidente da Deputación, parlamentario, subsecretario en varios ministerios e en plena guerra Comisario Xeral do Exército Republicano. A través daquelas xeiras americanas Paz-Andrade volve recompoñer relacións con persoas coas que coincide máis a súa visión proxectiva do galeguismo.

Sorpréndeme que as historias do nacionalismo contemporáneo tendan a non valorar con máis fondura ou simplemente omitir a presenza de figuras como Paz-Andrade do seu acontecer. Ten lóxica falar dunha única dialéctica entre os polos definidos como culturalismo e a nova andaina política inaugurada en 1964 pola

UPG (Unión do Pobo Galego) e o PSG (Partido Socialista Galego) coas súas diferentes metamorfoses. Pero coido que é sintomático que a un vector de toda a oposición antifranquista con pegada nacionalista que podíamos personalizar en Luís Seoane, Isaac Díaz Pardo e, no que hoxe nos ocupa, Valentín Paz-Andrade, prestóuselle menos atención ou interese do que se debera. Quizais porque como digo era unha continuación do Partido Galeguista por outros medios ou unha escisión nunca declarada.

Despois do big-bang que supuxeron as folgas obreiras de 1972 en Vigo e Ferrol, os anos previos á previsíbel morte de Franco amosan que a disputa polo espazo político e as diferenzas estratéxicas non permitiron apenas traballo en común entre as dúas maneiras de entender o cambio político nos opositores á Ditadura en Galiza. O nacionalismo lanzouse nunha liña de ruptura e a esquerda que polarizaba o PC practicou a *real politik* de sumarse finalmente á reforma. Foi a esta estratexia posibilista á que Paz-Andrade, cultivado por contactos como Fernando Alonso Amat, se incorporou cando en 1974, desde a formación dirixida por Santiago Carrillo, se lanza a iniciativa da Junta Democrática.

A iniciativa madurou e Paz-Andrade comezou a participar nas reunións que se facían en París e Estrasburgo. A fins dese ano 1976 o presidente do goberno, Adolfo Suárez, aprobada xa en referendo a Lei de Reforma Política, comeza a reunirse coa oposición que viña de constituír o 10 de decembro un organismo unitario. A chamada Comisión Negociadora da Oposición estaba formada polo monárquico liberal Joaquín Satrústegui, Antón Canyellas (Democracia Cristiá), Francisco Fernandez Ordóñez (Federación de Partidos Socialdemócratas), Felipe González (PSOE), Enrique Tierno Galván (PSP), Santiago Carrillo (PCE) e como representantes das nacións con estatuto plebiscitado na anterior etapa democrática da República, Jordi Pujol (Cataluña), Julio Jáuregui (País Vasco) e Valentín Paz-Andrade (Galicia), que era o máis veterano de todos os compoñentes do organismo... o único que nacera no século XIX!

Pujol lembra a un Paz-Andrade pouco locuaz nas reunións, “pero en todo caso tiña o mérito, ás veces tan decisivo en política, de estar gardando o lugar. Porque se íamos discutir dos temas autonómicos Galicia lograra plebiscitar o seu estatuto, levalo ás Cortes de Montserrat en 1938, e independentemente da forza que tivese o nacionalismo galego en 1976, Paz-Andrade levaba con el a forza simbólica daquel acontecemento” [Entrevista do autor con Jordi Pujol, en agosto de 2011].

Aínda que non se valora abondo a relevancia daqueles meses de negociación, neste organismo decidiuse a lei electoral, proporcional con corrección territorial, que regularía os primeiros comicios libres de 15 de xuño de 1977. Paz-Andrade defendeu, e sacou adiante nunha votación interna da Comisión, a idea de que cada provincia tivese un mínimo de dous deputados, un nivel que finalmente, tras o debate con Suárez, quedou fixado en tres.

Outra discusión importante foi a referida á recuperación autonómica, que só frutificaría despois de se constituír as primeiras Cortes constituíntes. Así lembraba Valentín un aspecto pouco coñecido da súa presenza:

en certo momento se tivo que formular unha opción sobre a titulación de cada goberno autónomo. Aínda non se pensaba máis que nos das nacionalidades históricas. Tanto Cataluña como Euskadi non tiñan dúbidas ao respecto, Galiza menos debía telas por mor dos suevos se adiantaren a constituír o Reino de Galiza. Nome que aínda seguiu en uso para-oficial, séculos despois de que os Reis Católicos nos infrinxiran a *doma e castración* da que fala Zurita. Mais os tempos non pasan en balde. Cando fun chamado a propoñer nome para o ente autonómico suxerín o que prosperou, Xunta de Galiza. O que escollera Antolín Faraldo, na revolución galega de 1846, sufocada goiescamente pola ditadura de Narváez, cos doce fusilamentos de Carral (...). [*A Nosa Terra*, 317].

As eleccións de 15 de xuño de 1977 constitúen a primeira presenza, despois de tres intentos, de Paz-Andrade nas Cortes. É electo senador e nunha carta ao seu amigo Manuel Cordo Boulosa, debuxa o ambiente no que se produciu a elección:

a miña candidatura triunfou. A miña persoal, non a dos outros dous [Del Riego e Fernando Alonso Amat], afogados polo vendaval do Centro. O vendaval Suárez, como os sirocos ou os alisios. Saír enteiro de semellante embate, e saír a corpo limpo, parece que foi algo. Aínda quedan amigos. En xeral, o corpo de votantes galegos dou un triste espectáculo. Hai que remover os pousos do medo ancestral e do medo superimposto. Hai que facer dun pobo acovardado, un pobo con maior dignidade civil e mais conscente dos seus dereitos (...). [Correspondencia persoal. Legado Paz-Andrade / Consello da Cultura Galega].

O labor de Valentín no Senado é reducido, porque o pacto e o texto constitucional concéntrase no Congreso dos Deputados. Aínda así o diario de sesións reflicte a súa intervención no debate sobre a ampliación do dominio marítimo ás 200 millas que afectaba gravemente ao sector pesqueiro galego.

Chegado a porto o novo texto, referendado o 6 de decembro de 1978, a lexislatura remata. Facía balance deses anos en 1981, nunha entrevista co xornalista Fernando Ramos no *Faro de Vigo*:

Non se seguiu unha política de síntese. Aparte de que aínda mobilizando e vencellando aos elementos do galeguismo histórico e das novas xeneracións que non amosaron ter moita compatibilidade co pasado, na práctica, (aínda que a tiveran na teoría), a unidade que cumpriría sería moito maior. O galeguismo

militante tiña que ser unha forza moito máis xeneralizada no país, moito máis dinámica e máis madura. Penso que houbo pouca meditación no que se fixo, en canto necesidade de apertura. A pesar de ter sido representante de Galicia na comisión da oposición que negociou a reforma política, de ser Senador, e de ter gañado unha elección democraticamente, nin comigo se contou nin coído que se contou cos demais tampouco. Cando se fixo así, por algo será e eu non entro na contemplación dos motivos (...). [*Faro de Vigo*, 22/III/1981].

Non parou aí Valentín a súa constante presenza. Quedaba moito por diante, con froitos e frustracións, pero sempre na brega. Aínda volve a presentarse á reelección como senador; non é elixido pero iso non é o seu adeus definitivo á actividade pública. Se non abandonara durante a súa etapa nas Cortes outras empresas, non ía ser agora menos. Así podemos apuntar a súa presenza no que foi o intento de lanzar de novo a cabeceira do *Galicia* ao mercado da prensa diaria, un intento que finalmente se frustrou. Recén realizadas as primeiras eleccións Paz-Andrade aínda era optimista e escribíalle a Isaac Díaz Pardo, “se non facemos o xornal non faríamos ren. Hai moito folclore. E hai un pobo desinformado e uns equipos medios incapaces e desorientados. E os demais xornais, os que hoxe temos en Galicia, non fan máis que contribuir á desorientación. Mais o xornal farase. Con razón ou sen ela” [26/VI/1977. Correspondencia persoal. Legado Paz-Andrade / Consello da Cultura Galega].

Afastado da actividade política directa, Valentín inicia o que podemos considerar o seu derradeiro grande emprendemento, que é a escrita da biografía de Castelao, consciente de que se el non o facía ninguén directamente protagonista de moitos dos feitos protagonizados polo rianxeiro o faría. O resultado daquel esforzo é *Castelao na luz e na sombra*, un libro que aínda é unha guía para calquera nova tentativa de biografar ao grande artista e político galego da primeira metade do século XX. Publicado en 1982, coñeceu tres edicións en O Castro, e este mesmo ano 2012 foi reimprimada por Galaxia. Unha anécdota recollida do epistolario de Valentín sérvenos para ilustrar a complexa dialéctica que subxacía na consideración do legado político de Castelao. Dialogaba con Díaz Pardo sobre a presentación compostelá do libro e este comunicáballe por escrito, “da presentación do teu libro falei con Ramón Piñeiro (...) falamos da organización e da orientación. Pensa mais ben nunha velada que nunha mesa redonda, pois di que hai que evitar o acceso dos apropiadores de Castelao, que poidan converter o acto nunha trifulca e sobre todo se se aborda como *pensamento político*” [29/VI/1982. Correspondencia persoal. Legado Paz-Andrade / Consello da Cultura Galega].

Titulei esta intervención *Os vellos galeguistas nunca morren*. Pensaba cando o redactei no diplomático galeguista Lois Tobío (1906-2003), o home que lle deu contido xurídico ao Consello de Galicia, o autor dunha obra autobiográfica

exemplar, *As décadas de TL*, que cos 83 anos cumpridos, sempre atento á actualidade, aprendeu a usar un ordenador e culminou a súa tradución ao galego do *Fausto* de Goethe.

Pensaba en Isaac Díaz Pardo (1920-2012), que mantivo até o alento derradeiro dos seus máis de noventa anos o espírito emprendedor, fose empresarial, artístico, comunicativo ou político, sempre disposto a axudar.

Pensaba tamén en Avelino Pousa Antelo (1914-2012) ao que sempre lembraremos manifestándose en Compostela, con 96 anos ao lombo, en defensa da lingua no ano 2010, poñendo o ramo a unha biografía de patriota galego.

Por suposto tiña na mente a Paco del Riego (1913-2010), o home interminábel, que tamén quedou na fronteira dos cen anos e foi quen de levantar unha Academia Galega que esmorecía cando xa tiña os seus 84 cumpridos e explicaba moi ben nunha entrevista para a edición galega de *El País* o sentido de obriga coa que actuaban:

Empecei coa monarquía liberal, seguí coa ditadura de Primo de Rivera, coa ditabranda de Berenguer, asistín en Madrid á proclamación da República e estiven na delegación que visitou no Cárcere Modelo ao goberno provisional presidido por Alcalá Zamora. Apandei co franquismo, e a súa represión e finalmente a democracia. A historia contemporánea contempleina activamente e hoxe son o único militante vivo dos fundadores do Partido Galeguista (...) Sen nós nin os que nos precederon nada quedaría. Queimamos as nosas vidas en defender a cultura do país. Agora outros recollen esa testemuña e transfórmana conforme os tempos, pero nós permitimos conservar esas raíces soterradas e perseguidas. [*El País*, 26/1/2007]

E por fin Valentín. Escollo a súa voz, constante sempre que se lle pedía opinión nos anos derradeiros. Dícialle ao xornalista Xosé Luis Muñoz en 1984:

O primeiro que ten que crear a política no país é unha ilusión, e este é un país sen ilusión ningunha, nin sequera na autonomía. A que tiña, e que demostrou, o 4 de nadal, desvaneceuse en virtude da tramitación do Estatuto e do réxime preautonómico. Penso que aquelas torpezas que se cometeron nos derradeiros anos do Centro, tiveron moito que ver co desencanto. Por outro lado, a falla de preparación e consecuencia dunha política que sempre se fixo de costas a Galicia é dicir, que hai unha tendencia a gobernar desde Madrid, até países como Galicia, que teñen uns matices de orixinalidade e personalidade moito máis acusados ca o resto de rexións españolas e non me estou referindo ás nacionalidades, aínda que esta idea sería válida para as nacionalidades. Por exemplo, ter un idioma co que se poden entender cen millóns de brasileiros,

oito ou nove millóns de portugueses, tres ou catro de angolanos e outros tantos de Mozambique, débese ter en conta. Existe pois unha problemática propia, que non só é lingüística e literaria senón social, e unha política de certa proxección cara o futuro ten que ter en conta esta realidade na que Galicia é un país eixe (...). [*Faro de Vigo*, 5/II/1984]

Que obriga íntima alentaba a esta xeración de perdedores, auténticos descubridores do país? Ao meu ver o sentimento de que debían pasar o relevo nas mellores condicións. Así era análise final de Valentín, que repetiu onde publicamente foi reclamado:

Prodúcese un corte co pasado cun efecto de dislocación. Se os movementos dun país non se entroncan, non se articulan, quen sofre é o país, e naturalmente hoxe véñense cometendo erros coa mellor boa fe do mundo, pero que teñen a súa causa directa nesa falla de xunguimento doutrinal, técnico, histórico, humano co pasado, que é unha base da que hai que partir para novas exploracións. O problema é moi complexo e non resulta fácil velo con claridade, pero a verdade é que hai un baleiro grande. Se se ve a cousa con realismo, con desapaixonamento, os últimos programas sobre a reconstrución de Galicia, aínda son os das primeiras asembleas galeguistas de Lugo, Santiago, Vigo e Pontevedra é dicir que, daqueles programas, daquelas ideas, aínda se segue vivindo teoricamente, porque ningún partido articulou un programa novo sobre a realidade galega, un programa que viñera renovar e poñer á altura dos tempos ese pensamento galeguista. A proba é que se comparamos o Estatuto da República co que agora está vixente, advírtense unha diferencias fundamentais de estrutura política, que desvirtúan a pretensión autonómica. Nestes intres temos unha autonomía de coexistencia co centralismo, non unha autonomía pura: suprimiuse na fachada iso do centralismo, pero o centralismo segue subsistindo igual ca antes. Dentro da estrutura autonómica actual segue habendo, en lugar de catro gobernadores civís, cinco, segue habendo as mesmas deputacións, segue habendo a mesma organización administrativa, en fin, que en realidade o centralismo segue intacto, e o goberno autónomo ten que estar disputando, por arriba e por debaixo, as súas facultades de goberno. E este un sistema híbrido, unha autonomía híbrida, unha fórmula política inventada en Madrid, que eu combatín todo o que puideren cando estiven na Comisión dos Dez (...). [*Faro de Vigo*, 5/02/1984]

Aínda hoxe ecoan desde lonxe as palabras de Valentín Paz-Andrade.